

ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 11 AO 17 DE MAIO GALEGO



Esta semana é a das letras galegas. Este ano adícaselle ao escritor RICARDO CARBALLO CALERO.

Para celebralo un pouco escolle alomenos unha das seguintes actividades e faina:

1) Investiga sobre RICARDO CARBALLO CALERO e comenta nunha páxina algo sobre el.

2) Fai unha redacción sobre as letras galegas .Podes falar de:por que se celebra,desde cando,escritores e escritoras galegos destacados,a túa opinión.

3) Escribe unha poesía sobre as letras galegas.Podes expresar os teus sentimentos ,falar dalgún escritor ou escritora que che guste...

4) Nesta ligazón de internet podes atopar ideas:

<http://primaveradasletras.gal/letras-para-contar-un-pais/>

5) Podes deseñar un cómic relacionado coas letras galegas.

6) Un cartel relacionado coas LETRAS GALEGAS.

ACTIVIDADE OBRIGATORIA:

Esta poesía é de Ricardo Carballo Calero.

Cópia no teu caderno, complétaa, ponlle título e decóraa

Aínda vivía miña nai
e todos os meus irmáns vivían,
e enfronte traballaba o señor Pedro o toneleiro,
e a grande tenda de efectos [] mantiña o seu rebulir.
Na casa tiñamos []
e, por suposto, un grande [] mouro;
e o meu pai era novo aínda
e no mar do mundo cada día descubría eu unha [] .
Vía o mar dende a miña [] ,
e chegaban cornetas da mariña.
E baixaba as escaleiras dúas veces ao día para ir á [] ,
e dúas veces subíaos e volta.



escola

gato

fiestra

illa

navais

pombas

